

A.N.P.A. ALECRIN
C.P.I. CERNADAS DE CASTRO
A Silva – Lousame
E MAIL: ampa_a_silva@hotmail.com
Teléfono: 629 05 47 19

Con esta nota dirixímonos aos socios/as da ANPA ALECRÍN, mais tamén ao resto das nais/pais do Centro Público Integrado Cernadas de Castro onde estudan os nosos fillos e fillas.

Estimadas familias,

Acaba de formarse unha **nova Xunta Directiva** na asociación, e estamos cheos de ilusión e con ganas de iniciar o que esperamos sexa unha nova etapa para o benestar de todo o conxunto das familias e do alumnado.

Para levar a cabo isto, e poder cumprir coas obrigas dunha asociación de nais e pais verdadeiramente activa e participativa da vida do centro, en colaboración co profesorado e co equipo directivo, necesitamos a vosa axuda e colaboración.

En primeiro lugar, esta Xunta Directiva precisa poñer ao día a listaxe de socios/as, razón pola cal elaboramos un modelo (adxunto á nota) que podedes cubrir e, posteriormente, depositar no colexio. Para iso, imos colocar un **buzón** no pasillo das aulas de primaria ao que poderedes acceder vós mesmos ou a través dos vosos fillos e fillas. Este buzón permitirá tamén a achega das vosas inquietudes, queixas e preocupacións.

Asemade, estamos traballando para que poidades estar informados da forma máis precisa e directa posible de todas aquelas cuestións que repercutan no exercicio dos nosos dereitos e deberes. Por tanto, propuxémonos **adquirir unha liña telefónica nova (629.05.47.19), obter un espazo propio na web do colexio** que nos permita colgar todo tipo de novidades e **dinamizar o correo electrónico da ANPA (ampa_a_silva@hotmail.com)**.

Actualmente a Xunta Directiva está formada por, a saber:

- José Ramón Baena García, en calidade de Presidente.
- María Eugenia González Pardal, en calidade de vicepresidente.
- María Gloria Cereijo Lado, en calidade de secretaria.
- María del Carmen Miguéns Blanco, en calidade de tesoreira.
- Sara Bouzón Tojo, en calidade de vogal.
- Eva Domínguez Vázquez, en calidade de vogal.
- Sergio Vázquez Ces, en calidade de vogal.
- Sabela Rodríguez García, en calidade de vogal.

En nome dos socios, podemos dicir que a ANPA non deixa de ser un grupo de pais e nais comprometidos coa educación dos nosos fillos e fillas en particular, e coa mellora da Comunidade Educativa en xeral. Como somos conscientes de que moitas outras familias tamén son consecuentes con este compromiso, é por iso que animamos a outros pais e nais a asociarse, xa que cantos máis sexamos mellor será para os nosos fillos e fillas, para a asociación e para o colexio

Sen outro particular, e coa intención inicial de poder actualizar a base de datos, despedímonos de vostedes ata a próxima xuntanza que realizaremos para que nos poidan coñecer persoalmente como nova directiva da ANPA ALECRÍN.

Un saúdo e ata pronto,
A Xunta Directiva.

